

RESOLUCIÓN DE REDISTRIBUCIÓN DE FONDOS ENTRE GDRS NO ÁMBITO DA MEDIDA 431 DO PROGRAMA LEADER-GALICIA 2007-2013

O 27 de decembro de 2013 publicouse no DOG a Resolución do 20 de decembro de 2013 do director xeral de Agader pola que se aprobou o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013 para os anos 2013-2015 e se modificaron as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de entidades colaboradoras na xestión do programa Leader.

Para darlle efectividade ao novo marco financeiro do citado programa Leader, o 30 de decembro de 2013 o director xeral de Agader resolveu aprobar os novos cadros financeiros dos GDR, o que supuxo a aplicación dos novos fondos a cada GDR e, polo tanto, unha modificación dos seus respectivos cadros financeiros.

Os cadros financeiros aprobados pola resolución de 30 de decembro de 2013 do director xeral incluían os gastos correspondentes á medida 431 mediante a emisión de documentos contables A (PG) plurianuais 2014-2015 individualizados por cada GDR. Os ditos créditos autorizados para cada GDR foron comprometéndose para as medidas 431A (gastos de funcionamento do GDR) e 431B (Gastos de adquisición de capacidades e promoción territorial) mediante a expedición de documentos contables D (PA).

O punto 9 do apartado VII (financiamento dos programas de desenvolvemento rural) sinala que para facer fronte aos gastos de funcionamento ordinario, Agader autorizaralle a cada GDR unha dotación equivalente ao 16% dos fondos asignados á estratexia de desenvolvemento (submedia 431 A).

O apartado 4 da cláusula oitava do Convenio de colaboración asinado entre Agader e os GDR, sinala que a contía para atender aos gastos de funcionamento poderá alcanzar ata un 16% do orzamento total asignado para a aplicación das medidas 411,412 e 413 do PDR.

O apartado VII (financiamento dos programas de desenvolvemento rural) da citada Resolución do 20 de decembro de 2013 do director xeral de Agader, establece, no seu punto 13, que os cadros financeiros asignados a cada GDR poderán sufrir modificacións como consecuencia, entre outras circunstancias, (...) de redistribución de fondos entre GDR (...).

Por outra parte, o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 11 de xullo de 2013, que se publicou mediante a resolución do 24 de xullo de 2013, da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (DOG nº 148, do 5 de agosto), delegou na persoa titular da Dirección Xeral de Agader o *exercicio das funcións vinculadas á execución dos programas de desenvolvemento rural Leader+, Proder II e Agader, ou outros das mesma natureza promovidos por entidades similares aos actuais grupos de acción local, tales como a aplicación, modificación (...) de fondos, liquidación e peche, (...).*

Á presente data existen sobrantes nos cadros financeiros correspondentes á medida 431 dos seguintes GDR e polos importes que a seguir se indican:

| GDR | Documento contable e importe |
|---------------------------|-------------------------------------|
| 01 (A Mariña) | P.G NEGATIVO POR 3.503,07 € |
| 02 (Terra Cha) | P.G NEGATIVO POR 4.087,02 € |
| 03 (Montes e Vales) | P.G NEGATIVO POR 3,03 € |
| 04 (Terras de Lugo) | P.G NEGATIVO POR 0,88 € |
| 05 (Ancares) | P.G NEGATIVO POR 4.347,91 € |
| 06 (Os Sete Castros) | P.G NEGATIVO POR 7.049,79 € |
| 07 (Miño-Ulla) | P.G NEGATIVO POR 15.087,28 € |
| 08 (Ribeira- Sacra) | P.G NEGATIVO POR 58.544,35 € |
| 09 (Carballiño-Ribeiro) | P.G NEGATIVO POR 109,55 € |
| 11 (Sil-Bibei Navea) | P.G NEGATIVO POR 7.027,59 € |
| 12 (Valdeorras) | P.G NEGATIVO POR 34.555,73 € |
| 13 (Monteval) | P.G NEGATIVO POR 941,49 € |
| 14 (A Limia) | P.G NEGATIVO POR 896,05 € |
| 15 (Avinza) | P.G NEGATIVO POR 2.809,15 € |
| 16 (O Vieiro Leboreiro) | P.G NEGATIVO POR 345,82 € |
| 17 (Condado Paradanta) | P.G NEGATIVO POR 15.030,89 € |
| 18 (Baixo Miño) | P.G NEGATIVO POR 4.589,20 € |
| 20 (Ulla Umia Lerez) | P.G NEGATIVO 39.454,11 € |
| 21 (Salnés) | P.G NEGATIVO POR 466,15 € |
| 24 (Terras de Compostela) | P.G NEGATIVO POR 2,96 € |
| 25 (Deloa) | P.G NEGATIVO POR 1.217,62 € |
| 26 (Costa da Morte) | P.G NEGATIVO POR 17.000,00 € |
| 27 (Bergantiños) | P.G NEGATIVO POR 1.450,00 € |
| 28 (Ordes) | P.G NEGATIVO POR 0,01 € |
| TOTAL | 218.519,65 € |

En canto ao establecemento dos criterios de reparto dos citados fondos sobrantes, consultada a Asociación de GDR de Galicia, esta manifesta a súa conformidade con evitar que os fondos da medida 431 dos GDR que non foron traspasados ás medidas 411,412 e 413 dos mesmos e polo tanto sobrantes, se perdan. Por outra parte, a citada Asociación de GDR considera que, ata o límite do que cada GDR solicitante necesite, corresponde a Agader establecer os criterios de reparto. Neste senso, Agader considera conveniente aplicar o criterio de reparto igualitario dos fondos dispoñibles entre os GDR solicitantes, coa excepción dos dous GDR que limitan a súa solicitude a un importe inferior, seguindo o mesmo criterio consensuado coa Asociación de GDR de Galicia que se aplicou na Resolución do director xeral de Agader do 26 de agosto de 2015 pola que se procedeu á adxudicación adicional de fondos aos GDR no ámbito da medida 431 para a anualidade 2015, no marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013.

Os GDR que a seguir se indican solicitaron a Agader fondos adicionais para a aplicación de cadansúa submedida 431 A, e polos importes seguintes:

- O GDR 19 (Pontevedra – Morrazo) solicita 28.221,99 €.
- O GDR 22 (Terras do Deza) solicita 42.000,00 €.
- O GDR 30 (Euro-Eume) solicita 82.129,66 €.
- O GDR 31 (Costa Noroeste) solicita 131.434,83 €.

O importe total asignado para a aplicación das submedidas 431 A de cada un dos GDR sinalados no parágrafo anterior (incluído a achega derivada do reparto que se propón) non supera o 16% do orzamento total asignado ao longo de todo o período 2007-2013 a cada un dos citados GDR para a aplicación das súas medidas 411, 412 e 413. Polo tanto cúmprense os requisitos para a reasignación de fondos que se indica a continuación:

| GDR | Documento contable e importe |
|-------------------------|-------------------------------------|
| 19 (Pontevedra-Morrazo) | P.A POR 28.221,99 € |
| 22 (Terras do Deza) | P.A POR 42.000,00 € |
| 30 (Euro-Eume) | P.A POR 74.148,83 € |
| 31 (Costa Noroeste) | P.A POR 74.148,83 € |
| TOTAL | 218.519,65 € |

Tendo en conta o exposto, RESOLVO:

- 1.- Aprobar a redistribución de fondos da medida 431 (gastos de funcionamento) entre os GDR sinalados nos parágrafos anteriores e polos importes que se indican nesta resolución.
- 2.- Esta resolución notificarase aos grupos de desenvolvemento rural interesados e publicarase na páxina web de Agader.

Esta resolución pon fin a vía administrativa e contra ela poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección de Agader, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo, no prazo de dous meses. Estes prazos computaranse desde o día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.

Santiago de Compostela, a 13 de novembro de 2015.

Por delegación do 11/07/2013. DOG nº 148, do 5/08/2013

O director xeral de Agader.



Antonio Crespo Iglesias.